

## APRAZAMENTO 35ª MOSTRA GALEGA DE APICULTURA E FORMACIÓN

Enviamos xunto con esta circular o Correo Apícola Primavera que foi preparado antes do estado de alarma pero non se puido enviar antes debido a esta situación. Nel vai incluído o programa de AGA para este ano, pero non se poderá realizar tal como aparece debido á crise sanitaria, en especial as actividades de formación e a celebración da 35ª Mostra Galega de Apicultura, que queda aprazada ata novo aviso. Próximamente enviaremos outra circular co novo programa.

## SOLICITUDE PLAN APÍCOLA 2020

A convocatoria do Plan Apícola 2020 será publicada en breve, polo que enviamos esta circular informando como solicitar estas axudas a través de AGA. O Plan Apícola 2020 subvenciona, ademais do 90 % do custo dos veterinarios, os seguintes conceptos nesta orde de prioridade e coa porcentaxe máxima de:

- Tratamentos contra a varroa, ata o 80 %
- Alimento, ata o 50 %
- Cera, ata o 50 %
- Seguro apícola responsabilidade civil, ata o 50%

Para o cálculo das axudas, teranse en conta as colmeas declaradas polo solicitante a 31/12/19 na oficina agraria. En función das solicitudes que haxa, pode ser que non cheguen os fondos para cubrir todos os conceptos, que comunicaremos cando teñamos a resolución definitiva.

### NOVIDADES IMPORTANTES!!!!

1. Este ano xa non é necesario enviar as copias do caderno, pois a Xunta consultará os datos e confirmará as validacións das oficinas agrarias telemáticamente
2. O tratamento da varroa será enviado a domicilio por AGA a tódolos socios e socias a partir do mes de xuño, o gasto xa vai incluído no prezo do envase e hai que indicar na solicitude o enderezo onde se quere recibir
3. De cera e alimento só se pode pedir en AGA o máximo permitido na subvención, en función do número de colmeas actualizadas na oficina agraria, e quen queira máis cantidade ten que pedila directamente ó proveedor dese produto (Erica Mel ou outro)
4. Para cobrar a subvención do seguro a través de AGA, no caso de que cheguen os fondos, ten que ser suscrito a través da póliza de AGA

### REQUISITOS

1. Estar inscrito/a no Rexistro Oficial Apícola de Galicia antes do 1 de xaneiro do 2020
2. Ter actualizado o caderno apícola antes do 1 de marzo do 2020 na oficina agraria, co resultado de "Conforme"
3. Ter contratado un seguro de colmeas a través de AGA ou por conta propia

### DOCUMENTACIÓN

1. Solicitude cuberta polo socio/a, que se adxunta nesta circular
2. Xustificante de pagamento do tratamento, material e seguro, a ingresar na conta de AGA (indicando no concepto o nome do socio/a e Plan Apícola 2020). No caso de ter xa recollido o material, adxuntar copia do albarán de compra emitido por AGA
3. No caso de facer o seguro por conta propia, enviar a copia da póliza na que figure: o titular da explotación, REGA e nº de colmeas, e xustificante de pagamento

### ENVÍO

Enviar a solicitude preferentemente por email a [planapicola@apiculturagalega.es](mailto:planapicola@apiculturagalega.es) (confirmarase recepción nun máximo 7 días, en caso contrario contactar con AGA) ou por carta a AGA Feira Nova s/n 15819 Santa María Arzúa.

Non se admite por whatsapp.

### PRAZOS

Envío solicitude ata o 20 de maio e a recollida do material e os tratamentos varroa entre o 1 de xuño ó 31 de xullo.

## TRATAMENTOS VARROA

O tratamento ten unha subvención do 80 % para as colmeas que figuren actualizadas na oficina agraria a 31/12/19. No caso de necesitar tratamento para máis colmeas, hai que indicalo nesta mesma solicitude.

Pódese pedir un único produto por explotación, envases completos, que se pagará a prezo subvencionado (20%) para as colmeas actualizadas no libro. Para o resto de colmeas, pagarase o 100 % do custo. Pero este ano, para facilitar os cálculos, pagarase a prezo subvencionado o envase completo necesario para as colmeas actualizadas a 31/12/19. No caso do Oxybee (envase para 20 colmeas) só se poderá pagar a prezo subvencionado se se solicita para un mínimo de 15 colmeas e no Maqs (envase para 10 colmeas) un mínimo de 7 colmeas. (Ver Anexo I)

O tratamento será enviado a domicilio a tódolos socios e socias a partir de xuño, xunto coa receta e factura, que hai que gardar para a próxima actualización na oficina agraria e durante 5 anos por se hai inspección. É obrigatorio anotar na páxina dos tratamentos sanitarios do caderno apícola os datos que figuran na receta e os relativos á súa aplicación.

### **Pedido tratamentos varroa sen plan apícola**

Os socios e socias que non soliciten a subvención do Plan Apícola, poden facer o pedido do tratamento igualmente, enviando a AGA a ficha de pedido cuberta (ver Anexo IV) xunto co xustificante de pagamento, antes do 20 de maio. Será enviado por transporte a partir de xuño, polo que hai que indicar na solicitude o enderezo onde se quere recibir.

## CERA E ALIMENTO

O alimento e a cera poden ser subvencionados ata o 50%. Pódense pedir como máximo dous tipos de alimento e a cantidade máxima permitida na subvención, en función do número de colmeas declaradas. Se se precisa máis cantidade hai que pedila directamente á empresa que venda ese produto (ver Anexo II). Para poder solicitar alimento e cera hai que ter solicitado obrigatoriamente o tratamento para a varroa. As cantidades máximas son:

- Alimento: pedido máximo de 4 € por colmea, do que poderá ser subvencionado como máximo 2 €
- Cera: pedido máximo de 8 € por colmea, do que poderá ser subvencionado como máximo 4 €

No momento de enviar a solicitude hai que pagar o 100% do seu custo (ver Anexo II). En función da porcentaxe que finalmente se subvencione, faremos a devolución correspondente a cada socio ou socia cando AGA cobre a subvención, a partir do mes de novembro.

O material solicitado poderase recoller nos lugares indicados no anexo IV a partir do día 1 de xuño. No momento de recoller o pedido hai que avisar que é para o Plan Apícola e gardar o albarán de recollida.

As persoas que xa recolleron o material anteriormente (dende o 1 de febreiro), teñen que adxuntar coa solicitude o albarán de compra emitido por AGA. As explotacións en ecolóxico poden consultar a AGA o material dispoñible e prezos.

## SEGURO APÍCOLA

Para solicitar o Plan Apícola é obrigatorio ter un seguro de colmeas, como mínimo as colmeas actualizadas no libro, que se pode facer por AGA ou por conta propia. Para cobrar a subvención a través de AGA, ten que suscribirse o seguro na póliza de AGA.

AGA ofrece unha póliza multirrisco a 1 €/colmea e válida ata o 7 de febreiro de 2021. O seguro non se renova automaticamente, polo que é preciso comunicar a súa renovación cada ano. Para facer o seguro por AGA pódese indicar na solicitude da subvención e facer o pago xunto co resto do material solicitado.

No caso de ter seguro propio, hai que enviar xunto coa solicitude unha copia da póliza, na que figuren o nome do titular, REGA e nº de colmeas, e o xustificante bancario do seu pagamento.

# INFORMACIÓN SOBRE O PLAN APÍCOLA

Para consultas e dúbidas sobre o Plan Apícola contactar por email [planapicola@apiculturagalega.es](mailto:planapicola@apiculturagalega.es)  
ou nos tel. 630 069 637 / 630 83 83 12 (tamén por whatsapp)

## ANEXO I: PREZOS TRATAMENTOS VARROA

PRODUTO	PRINCIPIO ACTIVO	Nº COLMEAS/ ENVASE	PREZO / ENVASE	PREZO / ENVASE PLAN APÍCOLA (20%)
APIVAR	AMITRAZ	5	15,70 €	3,14 €
THYMOVAR (ECOLOXICO)	TIMOL	5	19,10 €	3,82 €
MAQS (ECOLÓXICO)	ÁCIDO FÓRMICO	10	65,00 €	13,00 €
OXYBEE (ECOLÓXICO)	ACIDO OXÁLICO	20	40,60 €	8,12 €

## ANEXO II: PREZOS CERA E ALIMENTO

PRODUTOS	PREZO / KG OU CAIXA*	LUGAR RECOLLIDA
Láminas cera	10,00 € / Kg	Erica Mel, Apiyago e Apícola Carballal
Apipasta con proteína e vitamina	1,30 € / Kg 18,75 € / Caixa 15 Kg	Apícola Carballal e Erica Mel
Mixfructor	13 € / Garrafa 14 Kg	Apícola Carballal e Erica Mel
Bee Food inverno	1,30 € / Kg 24 € / caixa 20 Kg	Apiyago e Erica Mel
Melostar primavera	1,60 € / KG 30 € / caixa 20 Kg	Apiyago e Erica Mel
Beecomplet Inverno, Primavera e Outono	1,50 / Kg 17,80 € / Caixa 12 Kg	Apícola Regueira
Apicar Pro Sólido	1,25 € / Kg 14,40 € / Caixa 12 Kg	Apícola RJ
Apicar Líquido	1,15 € / Kg 13,40 € / Caixa 12 Kg	Apícola RJ

\*Consultar prezos por palets e contenedores ou para explotacións en ecolóxico

## ANEXO III: EXEMPLO SOLICITUDE

María ten 23 colmeas declaradas na oficina agraria a data 31/12/19 e quere pedir o máximo permitido na subvención e ademais ten previsto vai ampliar ata 40 colmeas durante o ano. O pedido sería o seguinte:

<b>1. TRATAMENTO DA VARROA</b>	
Produto: .....Apivar.....	Nº envases totais:..... 8 .....
Nº envases Plan Apícola .....5.... X Prezo envase Plan Apícola: .....3,14..... € = .....15,70..... € +	
Nº envases a maiores.....3..... X Prezo envase:.....15,60..... € = .....47,10..... €	
<b>IMPORTE 1: .....62,80... €</b>	
<b>2. ALIMENTO (Máximo 4 € / colmea)</b>	
Produto A:..Apipasta con proteina e vitamina.....	Produto B:.....Beefood inverno.....
Nº envases:.....36.... X prezo: ....1,30... €	Nº envases:.....35.... X prezo: ....1,30..... €
= Importe A: .....46,80... €	= Importe B: .....45,50..... €
Lugar de recollida: .....Erica Mel.....	Lugar de recollida: .....Erica Mel.....
Importe A: .....45,00.... + Importe B:.....45,50.....= <b>IMPORTE 2: .....92,30..... €</b>	
<b>3. CERA (Máximo 8 € / colmea)</b>	
Kg:.....19..... X prezo: ....10..... € = <b>IMPORTE 3: .....190..... €</b>	
Lugar de recollida (ver anexo II):...Erica Mel.....	
<b>4. SEGURO COLMEAS</b>	
Asegurar con AGA: Nº colmeas....23.... X 1,00 € = <b>IMPORTE 4: .....23..... €</b>	
Por conta propia: Enviar coa solicitude a copia da póliza e xustificante bancario do seu pagamento.	
<b>5. COTA AGA (50 €)</b> Desexo facer o pago da cota anual de AGA: Sí	
<b>Importe 1 + Importe 2 + Importe 3 + Importe 4 + Cota AGA= TOTAL A INGRESAR: .....418,10 €.....</b>	

## ANEXO IV: SOLICITUDE TRATAMENTOS VARROA 2020 SEN PLAN APÍCOLA (só para quen non pida a subvención)

Nome do socio/a:.....

Titular da explotación: .....

Tel.: ..... Email: .....

Enderezo: .....

Nº REGA: ..... Produto:..... Nº envases: .....

Forma de pago: Por transferencia ó nº de conta de AGA: ES02 2080 0348 38 3000018210 (ABANCA), indicando no concepto o nome do socio/a e "Tratamento varroa 2020"

Envío pedido: Enviar a solicitude e xustificante por email a [info@apiculturagalega.es](mailto:info@apiculturagalega.es) ou por carta a AGA

## MÁIS INFORMACIÓN

AGA Asociación Galega de Apicultura

Feira Nova s/n 15819 Santa María – Arzúa

Tel. 981 508 142 / Móbil e whatsapp: 630 069 637 (consultas xerais) / 630 838 312 (consultas técnicas e sanitarias)

[info@apiculturagalega.es](mailto:info@apiculturagalega.es) / [www.apiculturagalega.es](http://www.apiculturagalega.es) / Facebook AGA / Telegram "Apicultura Galega"

# SOLICITUDE PLAN APÍCOLA 2020

(Data límite para o envío: 20 de maio)



## DATOS SOCIO/A

APELIDOS:	NOME:		
TELÉFONO:	EMAIL:		
ENDEREZO:	C.P.:	CONCELLO:	

## DATOS EXPLOTACIÓN

TITULAR:	NIF:
Nº REXISTRO APÍCOLA:	Nº COLMEAS ACTUALIZADAS A 31/12/19:
EXPLOTACIÓN EN ECOLÓXICO: SÍ / NON (Marcar cun círculo)	

## MATERIAIS E SERVIZOS SOLICITADOS

### 1. TRATAMENTO DA VARROA SUBVENCIÓN 80% ENVASES PARA AS COLMEAS DECLARADAS A 31-12-19

PRODUTO: ..... Nº ENVASES TOTAIS:.....

Nº ENVASES PLAN APÍCOLA: ..... X PREZO: ..... € = ..... €

+

Nº ENVASES A MAIORES:..... X PREZO:..... € = ..... €

=

**IMPORTE 1: ..... €**

### 2. ALIMENTO SUBVENCIÓN ATA O 50 % · PEDIDO MÁXIMO 4 € / COLMEA

PRODUTO A:.....

Nº ENVASES:..... X PREZO: ..... €

= IMPORTE A: ..... €

RECOLLIDO: SÍ / NON (Marcar cun círculo)

En caso de que xa fora recollido, adxuntar copia albarán

LUGAR DE RECOLLIDA: .....

PRODUTO B:.....

Nº ENVASES:..... X PREZO: ..... €

= IMPORTE B: ..... €

RECOLLIDO: SÍ / NON (Marcar cun círculo)

En caso de que xa fora recollido, adxuntar copia albarán

LUGAR DE RECOLLIDA: .....

IMPORTE A: ..... + IMPORTE B:..... = **IMPORTE 2: ..... €**

### 3. CERA SUBVENCIÓN ATA O 50 %. PEDIDO MÁXIMO 8 € / COLMEA

KG:..... X PREZO: ..... € = **IMPORTE 3: ..... €**

RECOLLIDO: SÍ / NON (Marcar cun círculo)

En caso de que xa fora recollida, adxuntar copia do albarán

LUGAR DE RECOLLIDA: .....

### 4. SEGURO COLMEAS

PÓLIZA DE AGA: Nº COLMEAS..... X PREZO: 1,00 € = **IMPORTE 4: ..... €**

POR CONTA PROPIA: Adxuntar copia da póliza e xustificante do pagamento

**COTA AGA (50 €)** Desexo facer o pago da cota anual de AGA: SÍ / NON (Marcar cun círculo)

**Nº CONTA PARA A DEVOLUCIÓN** (Indicar só no caso de non ter a cota domiciliada):

**IMPORTE 1 + IMPORTE 2 + IMPORTE 3 + IMPORTE 4 + COTA AGA = TOTAL A INGRESAR ..... €**

Pagamento na conta de AGA: ES02 2080 0348 3830 0001 8210 ABANCA. Indicar no concepto: nome socio/a Plan Apícola 2020

**AUTORIZO A AGA A SOLICITAR NO MEU NOME O PLAN APÍCOLA 2020 E DECLARO QUE NON SOLICITO ESTA AXUDA POR NINGUNHA OUTRA CANLE.**

EN \_\_\_\_\_ A \_\_\_\_\_ DE \_\_\_\_\_ DO 2020. ASDO. \_\_\_\_\_

